

NA BUSCA DA PLANTA ORELLA DE RATO

No ano 1755 o PAI SARMIENTO atopou unha pranta descoñecida ata entón nas frondosas marxes do río dos Gafos, e deixou constancia dela cunha descrición e debuxos nuns manuscritos, e atendendo as características e debuxos así como o lugar onde foi atopada o botánico F.JAVIER SILVA PANDO pensa que a citada planta ten que ser a ORELLA DE RATO, posteriormente catalogada e publicada por PERSON no 1797 que lle deu o nome Myotosis Discolor polo que dedúcese que SARMIENTO descubriuna con anterioridade.

Un fato de homes mulleres e nenos convocados pola asociación VAIPOLORIO, guiados por Carlos Solla, F. Javier Silva Pando e Amancio Castro, xa sen tempo non era, saímos na busca da planta Orella de Rato río arriba, onde trascorre máis limpo e menos contaminado, buscamos polas orellas verdecidas e nas brañas o lugar do río que permanece máis virxe case como no tempo de Sarmiento. Atopamos moitas plantas que, sobor de todo os urbanitas como eu non coñeciamos ou tiñamos esquecidas, tamen moitas delas medicinais das que utilizaba o Faracho e outros curandeiros, fixen un pequeno rasgullo e despois de moitísimo tempo voltei a utilizar a Cilidonia que as nosas nais recollían nos balados e nas orellas do río para curar as feridas pois é un cicatrizante moi bo así como outras herbas que as súas bondades e beneficios para a saúde se transmitían oralmente nas corredeiras e nos muiños.

O verdor da herba é as árbores, as xestas lirios e narcisos en flor eo rechouchio dos paxaros xunto ao marmurio do río que baixa con moi pouca auga pola falta da choiva, lonxe quedan os tempos das sete enchentes no ano, era como estar ollando un cadro de Van Gogh e escoitando unha melodía de Manher. O botánico Pando con moita paciencia ía recollendo as plantas que nos íamos apañando e parecían raras, con moita paciencia ía colocándoas entre as follas dun papel de xornal nun carpaz similar ao que utilizaban os naturistas do tempo de Sarmiento para logo estudalas máis devagar.

Nunha pradeira a carón dun Estripeiro que se pensa que o árbore máis vello do río no lugar donde según detallou no manuscrito Sarmiento atopou a planta quedei abraiado ao atopar entre as herbas moi altas as fermosísimas mapoulas en flor moi abondosas antano en prados e fincas e beiras dos ríos e que facía tempo que non ollaba ventureiras na natureza.

Despois de dúas horas pateando o río non atopamos a planta pero a nadie lle importou moito pois o paseo valeu a pena, seguramente a Orella de Rato despois de presentárselle a Sarmiento pensou que non tiñamos categoría e eso que Carlos Solla que coñece todos os seres que habitan no río por algo eo seu cronista invocou unha Moura que frecuenta unha poza no Gafos pero nin con esas, tamen pode ser como alguen apuntou que co cambio climático as pesticidas a contaminación e demais aldraxes que se lle fixo ao Gafos acabáramos con ela, pero nos ímos seguir bucandoa porque se existe seguro que ten que estar no GafosDonde ía estar senón.

ANTON ROEL VILLANUEVA dni 35240794 PONTEVEDRA